

### 1.3.2 Ameazas

#### ANÁLISE DAFO DA ECONOMÍA GALEGA [AMEAZAS]

- A.1** Afondamento da polarización territorial descrita, cun aumento da presión na franxa atlántica.
- Envellecemento da poboación, que exerce presión sobre o sistema de pensións, servizos sociais e sanitarios.
- A.2** Un horizonte con limitacións de converxencia derivada do escaso dinamismo da poboación activa.
- Insuficiente aproveitamento das empresas galegas do potencial existente nas tres universidades galegas e nos centros tecnolóxicos.
  - Falta de espírito emprendedor e importantes atrancos burocrático-administrativos para aqueles que o teñen.
- A.3** A ampliación da UE e a globalización económica poden producir a deslocalización e o desvío de investimentos cara aos novos estados membros, con persoal moi cualificado e reducidos custos.
- A.4** Existencia dunha ampla "fenda dixital" coas rexións máis avanzadas de Europa.
- Dificultade para acadar a competitividade a medio/longo prazo, a causa do escaso esforzo inversor en I+D+i, especialmente no sector privado da economía.
  - Irrupción no mercado mundial de países emerxentes, con grande asimilación das novas tecnoloxías do coñecemento.
- A.5** Contexto económico de crise xeneralizada, cunha expectativa de recuperación a longo prazo:
- Debilitamento da estabilidade macroeconómica: aumento do déficit e da débeda pública.
  - Falta de liquidez nos mercados financeiros.
  - Horizonte post-2013, de posible redución das axudas estruturais para a converxencia europea.
- A.6** Ausencia dun balance positivo na protección do medio:
- Insuficiencia dos sistemas de tratamento e saneamento de residuos.
- A.7** Sistema de transporte pouco articulado e con atrasos importantes na súa execución, como, por exemplo, a chegada do tren de alta velocidade ou a integración loxística dos portos.

Fonte: Consellería de Facenda. Elaboración propia